

## ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 23 de abril de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o xoves 23 de abril de 2015, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación das actas anteriores (13/02 e 19/02 de 2015)
2. Informe da Decana
3. Aprobación, se procede, do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia
4. Aprobación dos documentos relacionados co Procedemento para a xestión dos recursos materiais (IT01-PA07 e IT-02-PA07)
5. Aprobación do mantemento do documento PA07
6. Aprobación, se procede, da inclusión do bolseiro colaborador nas accións de mellora da calidade do centro na Comisión de Calidade
7. Rogos e preguntas
8. Adenda: Nomeamento do Tribunal cualificador das Probas de Conxunto ou Probas de Aptitude

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Apróbanse as actas das sesións anteriores por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: Montserrat Gómez (reunión polo Aplicativo de Pedimentos), Ladislao Castro, María López e Elena de Uña (obrigas docentes), Francisco Javier Pérez (enfermidade).
- Informa da aprobación no pasado Consello de Campus da implantación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

- Na pasada Comisión de Cultura do campus se aprobaron os cursos que se desenvolverán no verán. Se presentaron 17 solicitudes das que se tivo que facer unha selección. No apartado de Humanidades aprobouse un curso dirixido polo profesor Ladislao Castro.
- Debido aos poucos resultados na realización das enquisas de satisfacción se anima tanto ao profesorado como ao estudiantado á súa elaboración xa que redunda no ben de todo o centro.
- Infórmase que xa se resolveu a bolsa colaboración nas accións de mellora da calidade de centro, o alumno do centro Roberto Rodríguez é o seleccionado e se incorporará no mes de maio.
- A vicedecana, Beatriz Comendador, coa axuda do bolseiro, vai comezar a elaborar os horarios para o vindeiro curso e se procurará que sexan fixos.
- A decana informa de que ela e a profesora Silvia están a traballar no proxecto de investigación do Grupo Atlantic no marco do programa Horizonte 2020.
- A decana cédelle a palabra ao profesor Julio Prada, éste informa de que houbo unha reunión para falar dos cambios que afectan ao TFG. Entre os cambios más significativos destacan que o alumnado deberá introducir de novo, a través da secretaría virtual, o título do TFG. O tutor deberá informar na propia secretaría virtual e logo seguirá o procedemento de confirmación por parte do alumnado. O programa asignará un tribunal a cada alumno/a. Éste tribunal ao rematar a exposición non poderá dicir a nota ao alumno/a. Cando haxa máis dunha proposta de Matrícula de Honra, os tribunais terán que reunirse e porse de acordo para poñer a MH ao alumno/a con mellor expediente. A xefa de administración comenta que se o/a alumno/a suspende o TFG se deberá facer outro informe e si non se presenta hai que modificar a data do mesmo.
- Infórmase de que a semana pasada a decana foi convocada a unha xuntanza co Conselleiro de Cultura e Educación. O motivo era a realización dun borrador da Lei de patrimonio. O conselleiro solicitoulles a todos os axentes convocados propostas para a súa realización.

### **3. Aprobación, se procede, do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia**

A decana informa de que se enviou un borrador á Vicerreitoría de Organización Académica e que eles fixeron algunha suxestión que se incluíu no plan. Tamén nos indican que sería moi interesante que se puideran aportar cartas de apoio de diferentes organismos e institucións, cos que temos convenio de prácticas, ao Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia.

Apróbase o Plan de viabilidade por asentimento.

**4. Aprobación dos documentos relacionados co Procedemento para a xestión dos recursos materiais (IT01-PA07 e IT02-PA07)**

Segundo o proceso estandarizado segundo a normativa aprobada pola Universidade de Vigo, se aproban os procedementos por asentimento.

**5. Aprobación do manteramento do documento PA07**

Despois de acordar que se actualicen datos que aparecen reflectidos no documento e que xa están obsoletos, se aproba por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, da inclusión do bolseiro colaborador nas accións de mellora da calidade do centro na Comisión de Calidade**

Apróbase por asentimento

**7. Rogos e preguntas**

Non hai.

**8. Adenda: Nomeamento do Tribunal cualificador das Probas de Conxunto ou Probas de Aptitude**

Debido á solicitude por parte dunha alumna estranxeira para a realización das probas de aptitude, e segundo a normativa de matrícula que di que o tribunal cualificador debe estar constituído por 5 profesores doutores que imparten ensinanzas nas materias incluídas nas probas, apróbase a composición do Tribunal cualificador que queda composto polos seguintes membros:

- Presidente: Jesús de Juana López
- Secretario: Fermín Pérez Losada
- Vogais:
  - Ladislao Castro Pérez
  - Yolanda Barriocanal López
  - Elena de Uña Álvarez

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10.50 horas, e de todo dou fé como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA

23/04/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN  
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA  
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO  
CID NARVÁEZ, DANIEL  
COELLO FDEZ, M<sup>a</sup> ANGELES  
COMENDADOR REY, BEATRIZ  
DÍAZ ALONSO, XOEL  
DOMÍNGUEZ PEREIRA, M<sup>a</sup> DOLORES  
DURANY CASTRILLO, MERCEDES  
FDEZ CONTRERAS, M<sup>a</sup> CARMEN  
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT  
GÓMEZ MANSO, BELÉN  
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE  
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA  
MORENZA ARIAS, DAVID  
MORODO DEL RÍO, JOSE  
PÉREZ LOSADA, FERMÍN  
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER  
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO  
PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
REAL LÓPEZ, ARTURO  
REBOREDA MORILLO, SUSANA  
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI  
SIXIREI PAREDES, CARLOS  
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE  
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO  
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	SI
SI	
SI	
SI	
	NO
	NO
	NO
SI	
	SI
	NO
SI	
	SI
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
	SI
	SI
	SI
SI	